

VII-CAMIÑADA DE MONTAÑA DE ENTRIMO

50 QUILÓMETROS
Sábado, 17 abril 2010

A CAMIÑADA DE MONTAÑA DE ENTRIMO desenvolverase polas serras de Quégoas, Anamá e Quinxo nos arredores da capital do concello de Entrimo, coma sempre, nos medias de abril onde ten acoubo dende a primeira Camiñada, O ano pasado choveu un pouco no primeiro tramo hastra cuasi que a metade, xa no dolmen da Moura, mais despois foi unha xornada de primaveira pra que os camiñantes a levaran ben. Este ano agardamos que o tempo nos favoreza. As etapas non sofren mais que pequenas modificacións polo que non se pode ir coa cabeza gacha se non desperto as sinais das fitas vermellas e brancas. Coma sempre, a Camiñada puntúa pra os federados e está inscrita no calendario da Federación Galega de Montaña.

ROTEIRO

1 ETAPA.- Serra de Quégoas. 22 quilómetros

Saída as 9 h .da remodelada alameda de Entrimo para ire ao carón do San Rosendo do Pedreiríño pola vella traza e pavimento, as veces pedrado, pra travesar a estrada que vai a Quégoas deixando a mau dereita a capela do Cristo dos Lumearos polos piñerais e, a monte descuberto, polos alombamentos da serra de Quégoas escóménzase a rubir atopando un regueiro de montaña, entre carqueixos, uces e un grande xesteira, cando se olla Vilar, e mais adiante, Quégoas, cando o terreo faise chairo, rube lixeiramente e entre monte baixo atravesa un regatiño, nos anos de chuvia, caudaloso. Mais enriba atopamos unha granxa, e polo camiño achegámonos a unhas amontonamentos pedreiros, a modo de estantes, é cando a pista se verdece ollamos os coñecidos penedos de Anamá, cando xiramos a dereita hastra o dolmen ou casa da Moura con mais de dous milleiros de anos enriba e moitas lendas. Imonos pra abaixo e chegamos a ermida e as casas ou cortellos da Carballeira. O camiño faise corredoira entre valados de pedra e camiño pedrado que se converte en riacho. Mais abaixo, as cortes dos Carris, e xa por calzada, de cuasi perpiños alombados, baixamos a Quégoas, e a Venceás pra rematar logo dunha subidiña. O camiño faise corredoira hastra Vilar onde se baixa pola fermosísima carballeira aínda brotando neste intre. Ao carón do río de Pacín vaíse un tempo hastra que de súpeto métese polas encostadas forestas de piñeiros un anaco, e logo ímonos por unha fermosa carballeira hastra acadar a meta aos 22 quilómetros onde deberase acreditar a pasaxe debantes ir pro segundo sector.

II ETAPA.-Serra do Quinxo 18 quilómetros

Cara a Ferreiros imos pola estrada da Ameixoeira, pasamos polo campo de fútbol e o cemiterio e viaxamos hastra Ferreiros da Cima, imos o de Abaixo, collemos o camiño sinalizado polo parque do Xurés atravesamos o río do Agro pola ponte poldrada, imos polo pedrado e por unha ampla e forestal pista, pásamos ao caron dunha fedorenta granxa de porcos e logo xa se conforta un pola corredoira que nos deixa na Pereira que

travesamos, pasamos por duas fontes: a do Gato e mais enriba, cando entre carballos subimos por amplo e pedrado camiño, a do Pousadoiro, que nos fai virar a esquerda, onde cando imos a Peneda en setembro imos a fronte. A partires de esquí subida hastra unha campa onde as vacas cachenas e os becerros pacen: Polas uceiras travesamos o mato e baixamos por un camiño de pedras soltas; de seguida un enlombamento e baixar ao carón dun regato, pra rubir polo pedrado entre ralos piñeiros e logo baixar pola Cabeza da Vella, acadar o río Agro, pasar unha ponte medieval, e mais adiante, outra, hastra que subindo lixeiramente, denantes da chegada a Entrimo, pasaxe pola aldea da Quintán.

III ETAPA.- Chairos de Galez 8 quilómetros

Fican pro remate unhos quilómetros entre pazos, eirexas, fornos, no mais urbán dos percorridos que vai polos pobos do Casal, San Pedro, Galez, Feira Vella, Asperela, Olín, traspasando o río Pacín por dúas pontes,hastra o remate na meta de Entrimo.

CONTROIS E APROVISIONAMENTOS

I etapa.- quilómetro 10 Dolmen da Moura

II etapa -quilómetro 30 Pereira

III etapa -quilómetro 46 Feira Vella

REGULAMENTO

Escribirse obrigatoriamente para participar (10 euros non federados e 8 fe.)

Obrigatorio levar o número pendurado e visible nos controis

Pasar obrigatoriamente polos controis de saída e chegada en Entrimo

Diploma acreditativo da Camiñada aos que fagan totalas etapas

A DISPOSICIÓN

Masaxes pra os montañeiros. Bañeiros no campo de fútbol

Aprovisionamentos. Xantar na Alameda. Sorteio de uteis de montaña

ESCRICIOS

Concello de Entrimo TEL: 988434666 E.mail: concelloentrimeo@eidolocal.es

Tendas deportivas de Ourense: ZAGORA BOUSO INTERSPORT ARANA

PATROCINA

Concello de Entrimo *Estilo Natural*

ORGAIZA

circuito galego-luso

APOIAN:

VOLUNTARIOS - PARQUE BAIXA LIMIA SERRA DO XURES
DEPUTACION PROVINCIAL - ZAGORA TRANGOWORLD
PROTECCION CIVIL - CAIXA NOVA

